

Aquel son monótono que se repetía, cansiño, unha e outra vez, estáballe a producir un desasosego que non sabía explicar. Desde que chegara pola mañá cedo ata a ladeira da agreste montaña que remataba nun pequeno curuto, apenas uns metros, elevado sobre o perfil do cordal, o movemento incesante, alí abaixo no fondo do val, non facía máis que incomodalo, de enchelo de incerteza, de inundar a súa alma con presaxios funestos. Era unha sensación nova que nunca sentira ata aquel intre.

Desde que o sol comezara a alumar coa forza propia dos primeiros días do verán, polo camiño de xunto ao río, pasara un xinete a toda velocidade. Non puido distinguir se era un dos homes do señor ou, pola contra, algún forasteiro.

Máis tarde, aos poucos minutos, pasaran tres cabaleiros co estandarte e cunha bandeira branca. No mesmo centro debuxada, unha cruz. Non era a bandeira de sempre, a do castelo.

Desde onde estaba el, Roi case non se distinguía, de non ser pola súa cor murcha abrancazada.

En canto entrou na aldea a pequena comitiva, axiña empezaron aqueles toques pausados das dúas campás da pequena igrexa de pedra construída, nin-

guén lembraba cando, a carón do cavorco, preto das correntes, alí onde as augas discorrían máis salvaxes.

Aquelas badaladas que se repetían de tres en tres, sinalaban que algún home falecera. Naquela aldea, como en tantas outras, era máis frecuente que fose unha soa, a que cortase o vento, cando era un meniño o que finaba; se fose unha muller serían dúas. Era a música das campás, o sinal para case todo: para os frecuentes incendios nalgunha das casas, cun toque rápido, desesperado; cun son leve, agudo, pausado, para os nacementos, alongado cando se ía un ancián para sempre.

Aínda lembraba, nunca o daría esquecido, de máis pequeno, cando a terrible pandemia asasina asolara aquelas terras e polo que lle escoitara ao seu avó, chegara a todas as partes do reino. Morrera a xente a moreas.

Quedara aquel fermoso poboado, case sen veciños. Non cesaran de repenicar as campás, cunha badalada, con dúas, con tres, día e noite, semana tras semana, mesturando o seu nostálxico son coa podremia que se estendía por todas as partes e con aquel cheiro infernal que presaxiaba o ulido da morte e do alén. Case non quedaran nenos no poboado. Eran os máis doados de contaxiar, os máis débiles, os máis indefensos.

Alicia, a súa nai e mais o avó percorreran, case sen tempo para tomar un respiro e descansar, todas as cabanas, unha por unha, desde que nacía o sol ata que se agochaba tras as veciñas montañas do oeste.

Levaban, os dous, un pouco de consolo para todos os que ían caendo e administrábanlles as bebestivas máxicas que o vello Bruno fabricaba na súa cova, mesturando toda clase de plantas, que recollía cada primavera. O pequeno Roi iría con eles de boa gana, pero non llo permitiran, porque daquela aínda era moi novo.

Pouco puideran facer contra aquela enfermidade que comezaba cun forte espirro e cunha fonda tose que ía empeorando entre altas temperaturas, febres e dificultade para poder respirar. Case ninguén sandaba, os milagres estaban reservados para outras xentes.

Aqueles tres toques que seguían soando estábansele a cravar no miolo dun xeito que nunca o fixeran e aquel movemento no camiño da aldea dos emisarios do conde facíanlle presaxiar que algo grave debiera pasar.

«Pero se na aldea non hai ningún home», pensou Roi mentres miraba de esguello para o rabaño que pacía indiferente no verde prado que alfombraba a ladeira da montaña. Aínda se conservaban as últimas pingas brillantes do orballo da mañá, nos recantos máis sombrizos da ladeira.

Non o pensou. Botou a correr en dirección á aldea, polo camiño que serpeaba, tranquilo, monte abaixo.

—Meu pai —berrou. O seu laio resoou entre os penedos da entrada do arboredo. Detívose un intre mirando para o camiño, despois para o bosque do

señor, aquel mesmo arboredo no que ninguén podía entrar para cazar nin para apañar leña, recoller batume, nin tan só para andar na procura dos milleiros de choupiños que sementaban o chan cada outono marelo.

Estaba totalmente prohibido polo señor, que o reservara para cando el desexaba subir a cazar algunha lebre, algún cervo, algún corzo...

Aínda que o castigasen moi forte por atravesalo, non se ía deter, porque precisaba chegar antes que as tropas do señor chegasen ás primeiras casas e subisen ata o castelo.

Debería darse présa, porque empezaban a facerse visibles na revolta situada indo cara á vila, a varias millas de distancia. Comezou a sortear as grosas árbores. A medida que se ía internado nelas, a escuridade comezaba a estenderse. As copas estaban tan mestas, tan tupidas que non deixaban pasar unha soa raiola de claridade. Nunca imaxinara que aquela verde paraxe que tan fermosa se vía desde calquera recanto, por dentro puidese estar tan sombriza.

Comezaba a entrarlle algo de medo, aínda que poucas cousas había que o poderían asustar. A pesar dos seus acabados de cumprir catorce ou quince anos, xa coñecía ben como defenderse do inimigo, do raposo cando asexaba as galiñas, do terrible lobo cando se achegaba aos rabaños, dos ladróns que frecuentemente visitaban o lugar, dos malfeitores que, ás veces, percorrían aquela terra, fuxindo da xustiza, dos alguacís da vila ou da distante cidade.

Fora medrando forte, como se precisaba para sobrevivir aqueles tempos de graves necesidades, coidando todas as mañás algo máis dun cento de ovellas do abade que, a cambio, lle daba cada semana un real e dúas leccións na igrexa, que lle servirían nuns poucos meses para aprender a ler e, se había sorte, ata para escribir un pouco.

A fraga estaba chea de animalias das que se contaba toda clase de historias, mais non habería coidado para un rapaz como el. Escoitara moitas veces que para iso estaban alí as misteriosas habitantes das árbores, que sempre o protexían igual que a calquera outro que penetrase naquelas paraxes. Eran as delfas, unhas mulleres moi fermosas e miúdas, de longo cabelo, adornado con flores de todas as cores e vestidas con túnicas transparentes de seda branca.

Vivían alí, como en case todos os bosques, tiñan como misión defender a quen pasase entre as árbores e, tamén, guiar a quen se extraviase. Estas mulleres, ou ninfas, alimentábanse de mel, de morotes e doutras froitas silvestres que elas mesmas recollían.

O seu avó coñecía moi ben todos os segredos do bosque e como todas as cousas que lle contaba eran certas, cando se lembrou del, empezou a sentirse un pouco máis tranquilo.

A incerteza do que estaba bulir na aldea dáballe pulo para correr máis. Nin sequera lembraba o que lle podería pasar, se o pillaban nos terreos prohibidos ou do que lle ía facer o abade se se decataba

que abandonara, no monte, o rabaño, soamente coa compañía dos fieis cans que sempre levaba con el e que tan ben lle coidaban o gando.

E se non regresaba Álvaro, o seu pai, entre as tropas?

E se lle pasaba, a el, como a tantos outros rapaces que ficaban orfos e andaban a vagar de camiño en camiño, de porta en porta, pedindo unha esmola?

Había uns días escoitáralle a uns camiñantes que viñeran de moi lonxe e ían cara a Santiago, que alí nas terras de Castela, polas que pasaran había uns días tan só, as batallas eran moi sanguentas e crueis e que as tropas do reino de Galicia ao mando do rei don García, estaban sendo derrotadas... que aquela guerra á que o seu pai fora por primeira vez, por orde do señor, ía rematar axiña, deixándoo sen o seu reinado, que pasaría outra vez a don Afonso, o seu irmán, rei de León.

O señor do castelo, o conde, tivera que acudir por mandado real con todos os seus cabaleiros, ía xa para seis meses. Estaban os seus exércitos mingoados polas febres e a fame dos últimos anos, polo que ordenara levar entre as súas forzas a todos os campesiños, aos muiñeiros e ao seu pai, o ferreiro do castelo. Déralle un vello cabalo, un escudo e unha pesada maza para ir combater ao seu lado.

—Prometes fidelidade ao teu señor, Álvaro?  
—preguntáralle ante unha ducia de persoas, no patio da fortaleza, mentres lle pousaba a súa brillante espada no ombro.

—Prometo, señor —respondera con voz firme Álvaro, o ferreiro. Roi sentira algo indescribible dentro do seu peito cando escoitou as palabras do seu pai, mesturadas co medo que lle producía que nalgunha batalla o matasen ou que regresase sen un brazo, sen unha perna. Aquela emoción tivera o seu punto máis álxido cando, despois da cerimonia, o seu pai, un home con rostro serio e pel tersa, lle puxo a súa forte man na cabeza, unha man endurecida polo martelo e o pesado mazo da ferraría:

—Isto, meu pequeno, é soamente o principio —mirou para Alicia, a súa muller, que non dera contido unha bágoa traizoeira—. Ti vas ser libre algún día.

Roi, non entendera moi ben aquelas palabras do seu pai, pero tivo o presentimento que debían ser moi profundas, porque a súa nai se achegara decontado ata onde eles estaban e os abrazara, antes de dicirlle ao seu home algo no oído, tan baixiño que o rapaz non puido entender.

Seguía correndo. Os seus pés non eran capaces de frear. Segundo ía descendendo polo medio do arboredo, cara a abaixo, en dirección á aldea, medraba o desexo de ver ao seu pai, de comprobar que non lle pasara nada e que regresaba para xunto deles.

Botábao moito de menos porque fora, esta, a primeira vez que os deixara sós a el e mais a súa nai, que se tivera que facer, ela soa, cargo da casa, da horta, da leira do trigo, dos animais.

Non daba, o rapaz, entendido nada dos asuntos das guerras nin aínda quen llo explicase fose o avó,

que o debía saber todo, ou polo menos iso lle parecía a el, pois ata o mesmo señor, o conde, subía á gruta na que vivía, para lle consultar, case sempre, as decisións importantes.

—Roi, o teu pai ten que cumprir coa súa obriga e defender o señor do castelo, o dono destas terras, da nosa aldea, das nosas vidas –dixéralle ao pouco de marchar Álvaro entre as tropas do conde. Tentaba consolalo, cando o vía cheo de tristura polas lembranzas.

—Pero por que ten que haber guerras, meu avó? –preguntaba unha e outra vez—. Por que uns homes teñen que matar a outros?

—Pola envexa, pola cobiza, pola xenreira –non podería darlle outra razón que puidese convencer ao pequeno. Non sabía explicarlle mellor, responderlle a aquela mesma pregunta tan sinxela e tan complexa ao mesmo tempo.

O avó sentíase incómodo, impotente cando o rapaz lle expresaba a súa anguria, as súas inquedanzas, para ás que todo o que aprendera nos pergamiños, nos libros, nas estrelas, nas terras da afastada Irlanda non lle servían algunhas veces:

Eu, cando creza, non irei nunca a ningunha guerra nin hei loitar contra ninguén –respondíalle sempre que falaban de tales cousas.

Non era que Roi non estivese fachendoso de que o seu pai marchara pelexar na defensa do seu señor e do rei. Poucas veces se sentira tan cheo de orgullo como o día que os soldados cruzaran, en rin-



gleiras de tres, as xigantescas portas de madeira da fortaleza, rumbo a non se sabía onde.

No medio de todos, a carón de don Guzmán, ía el, o seu pai, enriba do cabalo agrisado que lle entregara días atrás o señor cando o fixera xurar fidelidade. Pareceulle, naquel intre, o home máis forte de todos, aínda que só levase a súa maza e o seu escudo, mentres os que camiñaban ao paso diante del ían armados coa coiraza metálica que lles protexía case todo o corpo, e ata os seus cabalos estaban preparados para os ataques inimigos, coa testeira e a súa brillante manta de rede que lles protexía o corpo.

Cando se foran afastando, os poucos rapaces da aldea correran polo camiño que descendía empinado desde o castelo ata que os perderan de vista, tras as últimas casas da aldea:

—Meu pai —despedírase o rapaz, aínda que non sabía sequera se o escoitara.

Debera ser que si, porque volvera un pouco a cabeza cara a el e chiscáralle un ollo mentres sorría.

Perdéranse despois na distancia, camiño das terras de Castela na procura das tropas de don García, o seu rei que, segundo o abade, estaba a ser despojado das posesións que o seu pai lle deixara en herdanza, polo seu propio irmán Afonso que non se conformaba coas terras de León e desexaba baixo o seu mando os reinos dos outros seus irmáns: don Sancho e dona Urraca.

Fose como fose, a el éralle o mesmo, o único que lle importaba era que entre aqueles poucos sol-

dados que agora regresaban e se achegaban á aldea viría, estaba seguro, o seu pai.

Notábao no aire, no sol.

Remataba o bosque prohibido e tería que dar un arrodeo para saír xunto ao regato, que baixaba da serra, se non quería ser visto por ninguén e non sufrir, despois, os rigores do castigo.

Nunca aguantara tanto e, no entanto, non estaba nada canso. Semellaba que a ansia de sentir unha daquelas fortes apertas de cando era máis pequeno lle daban ás para correr, saltar, brincar, sen un intre de desfalecemento.

Era case o mediodía cando entraron na aldea dúas ducias de soldados, os que quedaran dos máis de trescentos que marcharan había meses.

Eran os poucos que puideran regresar e camiñaban enriba dos seus cabalos enfraquecidos, case nos ósos.

De par do señor, enriba dunha egua de cor negra. viña el, co rostro case chuchado, baixo unha longa barba escura, mesta, sen escudo e coa roupa feita uns farrapos.

Chamaría, de boa gana, por el, pero non podía ser, porque o abade se achegou a eles dándolle a bendición como facía na capela cada domingo, cada día de festa, despois dos oficios e das oracións.

Preferiu agardar para non ser descuberto. Coa emoción contida de saber que estaba alí e que máis

tarde o tería para el só, cando baixase pola costa do castelo para a súa casa, con eles.

No camiño estaba Alicia, a súa nai, que timidamente saudaba coa man, sen dicir nada, o pequeno grupo de sobreviventes, detrás dos que viña o cabalo negro das pintas brancas co seu dono, envolto nunha tea branca, chea de borrallo e manchas de sangue para ser enterrado na aldea, polo que puido escoitar.

Era o irmán de don Guzmán. O primeiro dos cabaleiros, un dos máis fortes e destros guerreiros, un dos mellores loitadores dos torneos da redonda, que tantos trofeos gañara. Caera a mans dalgún soldado inimigo e debería recibir os honores que en vida tivera ben merecidos pola súa fidelidade, a súa fidalguía e o seu valor.

Roi comezou a subir pola ladeira da montaña amodo, ata onde deixara os rabaños. Tería que desandar o camiño. Estaba afeito, eran moitas as veces que o fixera, para conducir aquela morea de ovellas, de años, ata a cerca levantada detrás da casa na que vivía o abade a só uns poucos metros da pequena igrexa de pedra.

O toque das campás deixara de soar, quedando un eco no aire que inundaba o silencio calmizo, outra vez, da aldea.